

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

- 15514** Orde TEC/1171/2018, do 29 de outubro, pola que se regula a información, o control, o seguimento e a avaliación das grandes instalacións de combustión (GIC).

I

A Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación) dispón, no seu capítulo III, dedicado ás grandes instalacións de combustión (GIC), a aplicación de valores límite de emisión (VLE) para os contaminantes SO₂, NO_x e partículas, ás instalacións que se autoricen con posterioridade á súa entrada en vigor; estes novos valores figuran na parte 2 do seu anexo V. Non obstante o anterior, de acordo coa disposición transitoria incluída no seu artigo 82.3, as GIC autorizadas con anterioridade deben cumprir individualmente cos VLE que figuran na parte 1 do anexo V, aínda que permitíndolles certas flexibilidades, entre elas, a posibilidade de se acolleren a un índice mínimo de desulfuración, ou a un plan nacional transitorio (PNT), ou a exención por vida útil limitada (EVUL), a pertenza a pequenos sistemas illados ou incluírse como instalacións con funcionamento anual de 1.500 horas calculada como media móbil durante 5 anos.

Esta norma recolle, no seu artigo 31, a posibilidade de que aquelas instalacións que queimen combustible sólido nacional e non poidan respectar os valores límite de emisión propostos para dióxido de xofre, polas características deses combustibles, poderán aplicar un índice mínimo de desulfuración.

Esta mesma directiva, no artigo 32, dispón que os Estados membros poderán elaborar un plan nacional transitorio (PNT), para o período que vai desde o 1 de xaneiro de 2016 até o 30 de xuño de 2020, aplicable ás instalacións de combustión que obtivesen o primeiro permiso antes do 27 de novembro de 2002 ou cuxos titulares realizasen unha solicitude completa dun permiso antes desa data, condicionado a que a instalación estivese en funcionamento o máis tardar o 27 de novembro de 2003. Así mesmo, sinala as instalacións que non se deben incluír no PNT e enumera os criterios de exclusión para as instalacións a que o plan nacional transitorio non poderá ser de aplicación.

Pola súa parte, o artigo 33 da directiva establece que os titulares das instalacións de combustión se poderán acoller á flexibilidade da exención por vida útil limitada (EVUL), sempre que adquiran o compromiso de cumprir determinadas condicións, entre elas a presentación dunha declaración escrita ante a autoridade competente o máis tardar o 1 de xaneiro de 2014, na cal se comprometan a non facer funcionar a instalación máis de 17.500 horas desde o 1 de xaneiro de 2016 até o 31 de decembro de 2023 como máximo.

Así mesmo, o artigo 34 da directiva prevé que as instalacións de combustión que formen parte dunha pequena rede illada poderán quedar exentas, até o 31 de decembro de 2019, do cumprimento dos VLE mencionados no artigo 30.2 e, cando proceda, dos índices de desulfuración mencionados no artigo 31. Para isto, prevé que se debe comunicar á Comisión Europea, antes do 7 de xaneiro de 2013, unha lista desas instalacións, incluíndo o consumo anual total de enerxía da pequena rede illada e a cantidade de enerxía obtida mediante a interconexión con outras redes.

II

As disposicións de carácter básico da Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro de 2010, quedaron incorporadas ao ordenamento xurídico español mediante a Lei 5/2013, do 11 de xuño, pola que se modifican a Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, e a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos

contaminados, que posteriormente foi obxecto de refundición a través do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Pola súa parte, os preceptos de marcado carácter técnico da citada directiva incorporáronse á lexislación española mediante o Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.

O artigo 45 do Regulamento de emisións industriais recolle a posibilidade de aplicación de índices mínimos de desulfuración para aqueles combustibles sólidos nacionais que non poidan cumprir os valores límite de emisión de dióxido de xofre.

Así mesmo, España optou pola elaboración dun plan nacional transitorio (PNT), decisión que vén recollida expresamente no artigo 46 do Regulamento de emisións industriais e que foi notificada á Comisión, conforme o procedemento establecido no artigo 32 da Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro.

A Comisión Europea deu a súa aprobación ao PNT español, mediante a Decisión C(2015) 3525 final do 29 de maio de 2015. Posteriormente, en novembro de 2015 e en decembro de 2016, respectivamente, o Reino de España comunicou á Comisión dúas modificacións do PNT, consistentes na retirada de cinco instalacións. Finalmente, a Comisión Europea deu o seu visto e praxe ao PNT modificado, notificándoo mediante as decisións da Comisión C(2016) 1241, do 3 de marzo de 2016, e C(2017) 2614 final, do 27 de abril de 2017, co que quedan finalmente incluídas no plan un total de 29 instalacións.

De acordo co establecido no artigo 46.5 do Regulamento de emisións industriais, unha vez que a Comisión Europea deu o visto e praxe ao PNT, o Consello de Ministros, aprobou, con data do 25 de novembro de 2016, o citado plan.

O PNT, así como a lista das instalacións acollidas a el, encóntranse á disposición pública na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e calquera modificación actualízase na mesma sede electrónica.

O punto segundo do Acordo de Consello de Ministros, do 25 de novembro de 2016, polo que se aproba o PNT, prevé que os titulares dos departamentos competentes deberán concretar os requisitos do control, seguimento e avaliación do Plan nacional transitorio, a distribución do teito nacional anual de emisións de SO₂, NO_x e partículas entre cada unha das empresas e a obrigatoriedade de transmisión de información das instalacións. Por isto, este é un dos obxectivos que persegue a presente orde.

Pola súa parte, o artigo 47 do Regulamento de emisións industriais establece a posibilidade da exención por vida útil limitada (EVUL), mediante a cal, durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2016 e o 31 de decembro de 2023, as instalacións de combustión poderán quedar exentas do cumprimento dos VLE mencionados no artigo 44.2, cando proceda, dos índices de desulfuración do artigo 45 e da súa inclusión no PNT.

En cumprimento do disposto no artigo 33.2 da Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro de 2010, o Reino de España remitiu á Comisión Europea, con data do 23 de decembro de 2015, a lista das instalacións de combustión acollidas á EVUL, que figura como anexo IV e que tamén se encontra á disposición pública na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

O artigo 48 do Regulamento de emisións industriais permite a aquelas instalacións de combustión que formen parte dunha pequena rede illada quedaren exentas, até o 31 de decembro de 2019, do cumprimento dos VLE. A lista das instalacións de combustión acollidas a esta flexibilidade figura como anexo V e tamén se encontra á disposición pública na sede electrónica do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

As instalacións con funcionamento anual de 1.500 horas calculadas como media móbil durante 5 anos deberán comunicar a información relativa á súa actividade, nos termos establecidos no artigo 55.4.b) e c) do Regulamento de emisións industriais e no artigo 72.4.b) da Directiva 2010/75, do 24 de novembro.

En desenvolvemento do establecido nos artigos 52.2 e 55.6 do Regulamento de emisións industriais, aprobouse a Orde PRA/321/2017, do 7 de abril, pola que se regulan os procedementos de determinación das emisións dos contaminantes atmosféricos SO₂,

NO_x, partículas e CO procedentes das grandes instalacións de combustión, o control dos instrumentos de medida e o tratamento e remisión da información relativa a tales emisións.

Unha vez aprobada a dita orde, procede establecer, mediante a presente orde, os requisitos para o cumprimento dos compromisos anuais de remisión de información de emisións das GIC, incluíndo os mecanismos de control e vixilancia das instalacións no relativo ás emisións dalgúns contaminantes atmosféricos e as disposicións necesarias para que os seus titulares informen das súas horas anuais de funcionamento, das súas emisións de SO₂, NO_x e partículas, tanto as ocasionadas durante as horas de funcionamento normal da instalación como aquelas emisións ocasionadas durante outras condicións non normais de operación, así como dos períodos de arrinque e paraxe, coa finalidade de comprobar a coherencia dos datos fornecidos con outros sistemas de información como o Rexistro de Emisións e Fontes Contaminantes PRTR-España ou o Inventario nacional de emisións, así como de calquera incidencia relacionada co cumprimento, en particular, no caso de se producir o feche de instalacións ou situacións inesperadas. Para isto, habilítase o mecanismo de declaración responsable para as instalacións e adécuase a base de datos PRTR-España, de tal maneira que haxa unha única notificación a través de PRTR-España da información e das emisións por parte das empresas, o cal redundará nunha notable simplificación das súas cargas administrativas.

Para posibilitar, coa debida antelación, o cumprimento dos compromisos anuais de información derivados da Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de novembro de 2010, e poder adoptar as medidas pertinentes, precísase establecer o procedemento e a periodicidade con que os titulares das instalacións deben remitir ás direccións xerais competentes do Ministerio para a Transición Ecolóxica a información das súas emisións e o grao de cumprimento dos seus compromisos.

Así mesmo, establécense os requisitos para o control anual das horas de funcionamento, das instalacións autorizadas para funcionar, como máximo, 1.500 horas anuais e até o 31 de decembro de 2023, das instalacións acollidas á EVUL e o grao de cumprimento dos seus compromisos e sobre a remisión da información ás direccións xerais competentes do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

III

A habilitación para a aprobación da presente orde encóntrase contida na disposición derradeira sexta do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, e na disposición derradeira terceira do Real decreto 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarías de petróleo.

Canto ao seu fundamento constitucional, esta orde dítase ao abeiro dos artigos 149.1. 23.^a e 25.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente, e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

De acordo con todo o exposto, esta norma atense a cada un dos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas, as cidades de Ceuta e de Melilla e as entidades representativas dos sectores afectados; así mesmo, someteuse ao trámite de información pública e ao Consello Asesor de Medio Ambiente, en aplicación das previsións da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

Constitúe o obxecto da presente orde a regulación do procedemento de control, avaliación e seguimento dos obxectivos de determinadas emisións atmosféricas das grandes instalacións de combustión (GIC), xa estean acollidas ou non a algunha das flexibilidades de cumprimento previstas no Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, así como do procedemento para a remisión anual da información que as instalacións deben remitir á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental do Ministerio para a Transición Ecolóxica.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

A presente orde aplicarase ás grandes instalacións de combustión que se encontren incluídas dentro do ámbito de aplicación conxunta do capítulo V e do anexo 3 do Regulamento de emisións industriais.

Artigo 3. *Compromisos de cumprimento de emisións das GIC.*

1. As emisións á atmosfera das GIC obxecto desta orde que non se acollesen a ningunha das flexibilidades, tal como establece o artigo 44 do Regulamento de emisións industriais, non superarán os valores límite de emisión (VLE) establecidos no anexo 3 do citado regulamento e na súa autorización ambiental integrada (AAI), excepto as refinarías que apliquen xestión integral de emisións, cuxo compromiso de cumprimento será o reflectido no seu AAI.

2. As instalacións que forman parte dunha pequena rede illada e que figuran no anexo V desta orde deberán cumprir o establecido no artigo 48 do Regulamento de emisións industriais e non superarán os valores límite de emisión establecidos na súa autorización ambiental integrada até o 31 de decembro de 2019; a partir desa data seranlles de aplicación, como mínimo, os valores límite de emisión do anexo 3, parte 1, do Regulamento de emisións industriais, excepto para aquelas instalacións que se acollan ao artigo 47.2 do citado regulamento.

3. As instalacións cuxa posibilidade de funcionar menos de 1.500 horas anuais, como media móbil durante un período de cinco anos, fose recoñecida polas autoridades competentes das comunidades autónomas, non superarán os valores límite de emisión dispostos no anexo 3, parte 1, do Regulamento de emisións industriais.

4. As instalacións GIC que utilicen combustible nacional e utilicen o índice mínimo de desulfuración deberán cumprir o establecido no artigo 45 do Regulamento de emisións industriais.

5. As GIC acollidas á exención por vida útil limitada (EVUL) e que figuran no anexo IV desta orde deberán cumprir, ao menos, o establecido no artigo 47 do Regulamento de emisións industriais.

6. As instalacións GIC acollidas ao Plan nacional transitorio (PNT) deberán cumprir, ao menos, o establecido no artigo 46 do Regulamento de emisións industriais:

a) Para o cumprimento dos teitos nacionais anuais de emisión dos contaminantes atmosféricos SO_2 , NO_x e partículas que figuran na táboa 5 do anexo do PNT, a partir da data de entrada en vigor desta orde, cada unha das empresas titulares de instalacións incluídas nela deberá cumprir anualmente cos compromisos totais de emisións da burbulla por empresa, entendendo por tal a suma da contribución anual aos compromisos de emisión para cada un dos contaminantes das instalacións de que sexa titular. Nos anexos I, II e III figuran os ditos compromisos e contribucións anuais e os correspondentes até o 30 de xuño de 2020, para os contaminantes SO_2 , NO_x e partículas. No ano 2018, a obrigación de contribución da burbulla anual empresarial de emisións cumprírase

proporcionalmente ao tempo restante entre a entrada en vigor da Orde e o 31 de decembro de 2018, ou ben a cantidade de emisión por contaminante nese período que, sumada á emisión xa realizada ese ano, non vulnere o teito empresarial correspondente ao ano 2019.

b) No caso de cambio de titularidade de instalacións incluídas no PNT, cada unha delas manterá as súas contribucións anuais de emisións ao teito nacional anual, de acordo cos valores que figuran nos anexos I, II e III. Os compromisos anuais totais de emisións da burbulla por empresa das empresas afectadas veranse modificados da seguinte forma:

1.º No ano en que se produza o cambio, e a partir da data do cambio de titularidade, a obrigaón de contribución das instalacións afectadas á burbulla anual empresarial de emisións durante ese ano distribuirase entre cada un dos titulares, rateando esa obrigaón en función do número de días que teña a titularidade cada un deles.

2.º Nos anos seguintes engadiranse ao novo titular as obrigaóns establecidas nos anexos I, II e III dos valores asignados ás instalacións afectadas e descontaranse eses valores do anterior titular.

Para estes efectos, os titulares das instalacións implicadas comunicarán esta situación no prazo máximo de dez días, desde o momento en que se faga efectivo o cambio de titularidade, á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental para actualizar, en consecuencia, os datos dos anexos I, II e III.

c) Se por causas xustificadas nun determinado ano, ou durante o período entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2020, unha empresa previr un incumprimento do seu compromiso total anual de emisións, poderá compensar a superación de emisións da súa burbulla empresarial coa marxe que quede a outra empresa para o cumprimento do seu compromiso anual de emisións, sempre que non se vexa afectado o compromiso total nacional anual de emisión.

Esta compensación só se poderá realizar coas emisións procedentes dunha instalación concreta que estea situada nunha zona de calidade do aire onde se cumpra o obxectivo de calidade do aire definido no artigo 2 do Real decreto 102/2011, do 28 de xaneiro, relativo á mellora da calidade do aire, e sempre que non se aumente a concentración de inmisión media dos cinco últimos anos dos contaminantes obxecto de compensación, e logo de informe vinculante favorable do órgano competente da comunidade autónoma en materia de calidade do aire e autorizacións ambientais integradas.

Posteriormente, as empresas implicadas deberán solicitar á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental a aprobación desta compensación, acompañada da documentación xustificativa, que incluírá o informe preceptivo e vinculante a que se refire o parágrafo anterior, a cal se entenderá autorizada se no prazo dun mes non se dítar resolución en contra. O prazo dun mes será interrompido se a Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental considera insuficiente a información recibida.

d) En caso de feche dunha instalación, no ano en que se produza este e a partir da data da acta de feche, que expide o órgano competente, a obrigaón de contribución á burbulla anual empresarial de emisións durante ese ano diminuírá proporcionalmente e a Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental calculará a diminución en función da participación desa instalación e axustará a burbulla da empresa para o resto do ano, comunicando a dita diminución á empresa.

O órgano competente para a autorización de feche remitirá puntualmente a acta de feche á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental.

A diminución da burbulla empresarial repercutirá na mesma contía na diminución do teito nacional anual e dos seguintes anos, se for o caso. Estes cambios serán notificados pola Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental á Comisión Europea.

Artigo 4. *Determinación das emisións das GIC.*

A determinación das emisións de SO₂, NO_x e partículas das GIC obxecto desta orde realizarase segundo o establecido na Orde PRA/321/2017, do 7 de abril, pola que se

regulan os procedementos de determinación das emisións dos contaminantes atmosféricos SO₂, NO_x, partículas e CO procedentes das grandes instalacións de combustión, o control dos instrumentos de medida e o tratamento e remisión da información relativa a esas emisións e, ademais, incluíranse os períodos de arrinque e paraxe, que se comunicarán de forma separada á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental.

Artigo 5. *Remisión da información.*

Os titulares das GIC comprendidas no ámbito de aplicación desta orde estarán suxeitos ás obrigacións de remisión de información das súas emisións anuais, a partir da entrada en vigor desta orde, e antes do último día do mes de febreiro de cada ano, sen prexuízo dos informes que se deban remitir á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas de conformidade co disposto no artigo 9 da Orde PRA 321/2017, do 7 de abril.

As GIC acollidas á EVUL que figuran no anexo IV deberán remitir á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental o balance de horas de funcionamento e das horas que lles restan para o cumprimento do compromiso de EVUL desde o 1 de xaneiro de 2016 e desagregadas por ano. Para as instalacións acollidas á EVUL que formen parte dunha pequena rede illada, de acordo cos números 47.2 e 47.3 do Regulamento de emisións industriais, o control de horas de funcionamento, neste caso 18.000 horas, comeza o 1 de xaneiro de 2020 e termina o 31 de decembro de 2023.

Os titulares das instalacións cuxa posibilidade de funcionar menos de 1.500 horas anuais, como media móbil durante un período de cinco anos, fose recoñecida polas autoridades competentes das comunidades autónomas deberán comunicar o control de horas de funcionamento anual desde a entrada en vigor da autorización que permita ese funcionamento.

As horas de funcionamento computaranse segundo a definición establecida no artigo 2.11 do Regulamento de emisións industriais.

Despois da data de feche dunha instalación acollida á EVUL, ou a partir da data de revisión da AAI coa consideración de instalación nova, a exención por vida útil limitada deixará de ser de aplicación, sen que sexa necesaria, por tanto, a remisión do balance de horas de funcionamento da instalación.

Toda esta información deberá ser notificada polas instalacións GIC, a través da ferramenta PRTR, onde se incluírá unha declaración responsable que garanta a veracidade dos datos. PRTR-España remitirá esta información á Comisión Europea a través da Axencia Europea de Medio Ambiente.

Artigo 6. *Comunicación de incidencias.*

1. As instalacións acollidas á EVUL deberán comunicar á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental as incidencias que afecten as instalacións, así como o feche destas ou a data en que se cumpriu co compromiso de operación dun máximo de 17.500 ou 18.000 horas, se for o caso, de funcionamento.

2. As empresas titulares das instalacións incluídas no PNT deberán comunicar á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental, antes da seguinte data de remisión da información das súas emisións, segundo o establecido no artigo 5, calquera incidencia que puiden afectar o cumprimento dos compromisos totais de emisións das súas instalacións, tales como fallos nos equipamentos de redución de emisións ou a necesidade de funcionamento excepcional por indisponibilidade das fontes enerxéticas habituais.

Así mesmo, os titulares das instalacións comunicarán calquera outra incidencia relacionada co PNT, en particular, comunicarán o feche de instalacións e o eventual cambio de instalacións do PNT que desexen acollerse ao cumprimento dos VLE, á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental para actualizar, en consecuencia, os datos dos anexos I, II e III.

Artigo 7. *Informes.*

1. Os titulares das instalacións acollidas á EVUL, a partir da entrada en vigor desta orde e antes do final do mes de febreiro de cada ano, remitirán á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental un informe anual referido ao ano anterior en que figure o balance anual de horas de funcionamento utilizadas e das horas que lles restan para o cumprimento do compromiso de EVUL.

2. Antes do último día do mes de febreiro de cada ano, e para o período do primeiro semestre do ano 2020 antes do 30 de setembro de 2020, as empresas titulares das instalacións incluídas no PNT remitirán á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental un informe referido ao ano ou período anterior que conterá, ao menos, a información seguinte:

a) Relación de cada unha das GIC de cada empresa incluídas no PNT, coa súa identificación individual, detallando a data de inicio da actividade, a potencia térmica nominal total en MW de cada instalación, así como o seu tipo: caldeira, turbina de gas, motor de gas, motor diésel e outros.

b) Emisións individuais, en toneladas ano, de SO₂, NO_x e partículas, segundo corresponda, e totais, das instalacións da empresa incluídas no PNT e grao de cumprimento do compromiso anual total de emisións desta.

c) Incidencias acontecidas no ano, en particular, o feche de instalacións, cambios na súa potencia térmica nominal, retirada do PNT por acollerse ao cumprimento dos VLE e calquera feito ou circunstancia que se considere relevante en relación co cumprimento do compromiso anual de emisións.

Artigo 8. *Comunicación das melloras tecnolóxicas.*

A partir da entrada en vigor desta orde, as instalacións comunicarán á Dirección Xeral de Biodiversidade e Calidade Ambiental a planificación das melloras tecnolóxicas necesarias, cun calendario detallado, para cumprir os valores límite de emisión individuais en 2020.

Artigo 9. *Réxime sancionador.*

O incumprimento do regulado nesta orde estará sometido aos réximes sancionadores establecidos no capítulo VII da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, e no título IV do texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada a Orde PRE/3539/2008, do 28 de novembro, pola que se regulan as disposicións necesarias en relación coa información que deben remitir á Administración xeral do Estado os titulares das grandes instalacións de combustión existentes, así como as medidas de control, seguimento e avaliación do Plan nacional de redución de emisións das grandes instalacións de combustión existentes.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do previsto nos artigos 149.1.23.^a e 25.^a da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación básica sobre protección do ambiente e de bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Execución e aplicación.*

Autorízanse as direccións xerais de Biodiversidade e Calidade Ambiental e de Política Enerxética e Minas, do Ministerio para a Transición Ecolóxica, de acordo coas funcións

que teñen atribuídas, para adoptaren as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de outubro de 2018.–A ministra para a Transición Ecolóxica, Teresa Ribera Rodríguez.

ANEXO I

Plan nacional transitorio

Contribucións das instalacións aos compromisos das empresas para cumprimento dos teitos nacionais anuais de emisións de partículas

Empresa	Instalación	2018	2019	1/1-30/6 2020
Endesa.	C.T. Litoral I (total).....	352	235	117
	C.T. Litoral II (total).....	347	232	116
	C.T. Compostilla I (G2 e 3) (total).....	262	175	88
	C.T. Compostilla II (G4 e 5) (total).....	374	249	125
	C.T. As Pontes (total).....	983	655	328
	C.T. Teruel (Andorra) (total).....	627	418	209
	C.T. Besós 3 (CTCC) (total).....			
	C.T. San Roque (G2) (CTCC) (total).....			
	Total Endesa.....	2.945	1.964	983
Viesgo.	C.T. Los Barrios (comb. sólidos).....	361	240	120
	C.T. Puentenuevo (comb. sólidos).....	184	123	61
	C.T. Tarragona I (CTCC) (gas natural).....			
	Total Viesgo.....	545	363	181
Gas Natural-UF.	CT. La Robla I (total).....	148	99	49
	CT. La Robla II (total).....	227	151	76
	CT. Meirama (total).....	394	263	131
	CT. Narcea II (total).....	114	50	25
	CT. Narcea III (total).....	237	158	79
	Total Gas Natural-UF.....	1.120	721	360
HC.	CT. Aboño I (total).....	213	149	74
	CT. Aboño II (total).....	334	236	118
	CT. Soto III (total).....	195	130	65
	Total HC.....	742	515	257
Iberdrola.	CT. Lada IV (total).....	165	110	55
	CT. Velilla (Guardo) I (total).....	103	44	22
	CT. Velilla (Guardo) II (total).....	176	117	59
	Total Iberdrola.....	444	271	136
Alúmina.	San Cibrao I (comb. líquidos).....	17	12	6
	San Cibrao II (comb. líquidos).....	17	13	7
	San Cibrao III (comb. líquidos).....	19	14	7
	Total Alúmina.....	53	39	20
Sniace.	Cogecan (total).....	21	12	6
	Sniace Cogeneración I (gas natural).....			
	Sniace Cogeneración II (gas natural).....			
	Total Sniace.....	21	12	6
Solvay.	Solvay I (total).....	113	49	25
	Total Solvay.....	113	49	25
Total teito nacional partículas.....		5.983	3.935	1.968

ANEXO II

Plan nacional transitorio

Contribucións das instalacións aos compromisos das empresas para cumprimento dos teitos nacionais anuais de emisións de NO_x

Empresa	Instalación	2018	2019	1/1-30/6 2020
Endesa.	C.T. Litoral I (total)	2.348	2.346	1.173
	C.T. Litoral II (total)	2.316	2.315	1.158
	C.T. Compostilla I (G2 e 3) (total)	4.652	1.747	874
	C.T. Compostilla II (G4 e 5) (total)	6.635	2.492	1.246
	C.T. As Pontes (total)	6.553	6.553	3.276
	C.T. Teruel (Andorra) (total)	4.206	4.196	2.098
	C.T. Besós 3 (CTCC) (total)	763	762	381
	C.T. San Roque (G2) (CTCC) (total)	724	724	362
	Total Endesa.	28.197	21.135	10.568
Viesgo.	C.T. Los Barrios (comb. sólidos)	2.405	2.405	1.203
	C.T. PuenteNuevo (comb. sólidos)	1.228	1.228	614
	C.T. Tarragona I (CTCC) (gas natural)	548	548	274
	Total Viesgo.	4.181	4.181	2.091
Gas Natural-UF.	CT. La Robla I (total)	993	984	492
	CT. La Robla II (total)	2.149	1.509	754
	CT. Meirama (total)	2.629	2.624	1.312
	CT. Narcea II (total)	944	491	246
	CT. Narcea III (total)	4.176	1.574	787
Total Gas Natural.	10.891	7.182	3.591	
Hc.	CT. Aboño I (total)	1.693	1.692	846
	CT. Aboño II (total)	2.767	2.766	1.383
	CT. Soto III (total)	1.304	1.302	651
	Total HC.	5.764	5.760	2.880
Iberdrola.	CT. Lada IV (total)	1.104	1.102	551
	CT. Vella (Guardo) I (total)	789	442	221
	CT. Vella (Guardo) II (total)	1.403	1.170	585
	Total Iberdrola.	3.296	2.714	1.357
Alúmina.	San Cibrao I (comb. líquidos)	141	100	50
	San Cibrao II (comb. líquidos)	148	104	52
	San Cibrao III (comb. líquidos)	163	115	57
	Total Alúmina.	452	319	159
Sniace.	Cogecan (total)	156	118	59
	Sniace Cogeneración I (gas natural)	121	121	61
	Sniace Cogeneración II (gas natural)	129	129	65
	Total Sniace.	406	368	185
Solvay.	Solvay I (total)	842	505	252
	Total Solvay.	842	505	252
Teito nacional NO _x		54.029	42.165	21.083

ANEXO III

Plan nacional transitorio

Contribucións das instalacións aos compromisos das empresas para cumprimento dos teitos nacionais anuais de emisións de SO₂

Empresa	Instalación	2018	2019	1/1 a 30/6 2020
Endesa.	C.T. Litoral I (total).....	3.130	2.347	1.174
	C.T. Litoral II (total).....	3.088	2.316	1.158
	C.T. Compostilla I (G2 e 3) (total).....	2.332	1.749	875
	C.T. Compostilla II (G4 e 5) (total).....	3.326	2.495	1.247
	C.T. As Pontes (total).....	8.737	6.553	3.276
	C.T. Teruel (Andorra) (total).....	17.681	13.263	6.632
	C.T. Besós 3 (CTCC) (total).....			
	C.T. San Roque (G2) (CTCC) (total).....			
	Total Endesa.....	38.294	28.723	14.362
Viesgo.	C.T. Los Barrios (comb. sólidos).....			
	C.T. Puentenuevo (comb. sólidos).....			
	C.T. Tarragona I (CTCC) (gas natural).....			
	Total Viesgo.....			
Gas Natural.	CT. La Robla I (total).....	1.319	989	495
	CT. La Robla II (total).....	2.015	1.512	756
	CT. Meirama (total).....	3.500	2.625	1.312
	CT. Narcea II (total).....	803	498	249
	CT. Narcea III (total).....	2.108	1.581	791
	Total Gas Natural UF.....	9.745	7.205	3.603
HC.	CT. Aboño I (total).....	2.534	1.693	846
	CT. Aboño II (total).....	4.232	2.767	1.383
	CT. Soto III (total).....	1.737	1.303	651
	Total HC.....	8.503	5.763	2.880
Iberdrola.	CT. Lada IV (total).....	1.471	1.103	552
	CT. Velilla (Guardo) I (total).....	797	443	221
	CT. Velilla (Guardo) II (total).....	1.562	1.172	586
	Total Iberdrola.....	3.830	2.718	1.359
Alúmina.	San Cibrao I (comb. líquidos).....	366	125	62
	San Cibrao II (comb. líquidos).....	383	131	65
	San Cibrao III (comb. líquidos).....	421	143	72
	Total Alúmina.....	1.170	399	199
Sniace.	Cogecan (total).....	363	156	78
	Sniace Cogeneración I (gas natural).....			
	Sniace Cogeneración II (gas natural).....			
	Total Sniace.....	363	156	78
Solvay.	Solvay I (total).....	1.050	489	245
	Total Solvay.....	1.050	489	245
Total teito emisión nacional SO ₂ .		62.955	45.452	22.726

ANEXO IV

Instalacións acollidas á EVUL (artigo 3.3)

Empresa	Instalación	Tipo	Comunidade
Cogeneración Motril.	Motril.	Coxeración.	Andalucía.
Smurfit Kappa España, S.A.	Mengibar.	Combustión.	Andalucía.
Saica 1.	Zaragoza.	Caldeira vapor (foco 2).	Aragón.
Saica 1.	Zaragoza.	Coxeración (foco 1).	Aragón.
Saica 3.	Zaragoza.	Coxeración (foco 1).	Aragón.
Torraspapel, S.A.	Factoría de Zaragoza.	Combustión.	Aragón.
General Motors España.	Zaragoza.	Coxeración.	Aragón.
Repsol Química.	Gajano.	Coxeración.	Cantabria.
Solvay II.	Torreavega.	Cox. turbina gas.	Cantabria.
Ercros S.A.	Vilaseca II.	Coxeración.	Cataluña.
Alier S.A.	Roselló.	Coxeración.	Cataluña.
Cogeneración del Ter, S.L.	Sarrià de Ter.	Coxeración.	Cataluña.
Repsol Química, S.A.	Cogeneración 2 F. Núm. 15-La Pobla de Mafumat.	Coxeración.	Cataluña.
Repsol Química, S.A.	Turbina Gas Cog.1 F. Núm. 12-La Pobla de Mafumat.	Coxeración.	Cataluña.
Repsol Química, S.A.	Cogeneración 2 F. Núm. 16-La Pobla de Mafumat.	Coxeración.	Cataluña.
Repsol Petróleo, S.A.	Cogeneración 1 F. Núm. 3-La Pobla de Mafumat.	Coxeración.	Cataluña.
Repsol Petróleo, S.A.	Cogeneración 2 F. Núm. 4-La Pobla de Mafumat.	Coxeración.	Cataluña.
Montefibre Hispania, S.A.U.	Miranda de Ebro.	Química.	Castilla y León.
C. Térmica de Anllares C.B.	Anllares.	Central térmica.	Castilla y León.
Energyworks Aranda, S.L.	Aranda de Duero.	Coxeración.	Castilla y León.
Energyworks Vitvall, S.L.	Valladolid.	Coxeración.	Castilla y León.
Repsol.	Puertollano.	Cox. 1 (U421).	Castilla-La Mancha.
Repsol.	Puertollano.	Cox. 2 (U 423).	Castilla-La Mancha.
Repsol.	A Coruña.	Coxeración 2.	Galicia.
Energyworks Vitvall, S.L.	Vitoria-Gasteiz.	Combustión.	País Vasco.
Repsol.	Bilbao.	Coxeración 1.	País Vasco.

ANEXO V

Pequenas redes illadas (artigo 48 do Real decreto 815/2013)

Pequena rede illada	Instalación	Grupo	Potencia térmica nominal a 6.1.2011 (MWth)	Tecnoloxía	Data de entrada en funcionamento	
Mallorca-Menorca.	C.T. Alcudia.	Grupo 1.	371	CT Carbón.	14/12/1981	
		Grupo 2.	371		19/07/1982	
		Grupo 3.	343		21/07/1997	
		Grupo 4.	343		27/12/1997	
		TG1.	178	Turbina de gas (circuíto aberto).	01/02/1989	
		TG2.	178		10/02/1989	
	C.T. Son Reus.	TG1.	136	Turbina de gas (circuíto aberto).	04/07/2000	
		TG2.	136		04/07/2000	
		TG3.	136		24/07/2000	
		TG4.	136		03/08/2000	
		TG5 (CC1).	201	Ciclo combinado CC1(TG5, TG6, TG7, TV8).	13/07/2001	
		TG6 (CC1).	201		15/07/2001	
		TG7 (CC1).	201		10/08/2001	
		TG9 (CC2).	292	Ciclo combinado CC2 (TG9, TG10, TV11).	24/06/2003	
	TG10 (CC2).	292	21/07/2003			
	CT Cas Tresorer.	TG1 (CC1).	298	Ciclo combinado CC2 (TG1, TG2, TV3).	01/07/2006	
		TG2 (CC1).	298		19/07/2006	
		TG4 (CC2).	298	Ciclo combinado CC2 (TG4, TG5, TV6).	20/12/2010	
		TG5 (CC2).	298		20/12/2010	
	CT Mahón.	TG1.	136	Turbina de gas (circuíto aberto).	28/07/1999	
TG2.		133	17/12/1993			
TG3.		158	07/08/2004			
TG4.		171	12/09/2008			
TG5.		171	04/07/2009			
Ibiza-Formentera.	CT Ibiza (CT Eivisa).	TG1.	104	Turbina de gas (circuíto aberto).	15/07/1988	
		TG2.	68		24/07/2000	
		TG3.	132		01/06/2003	
		TG4.	132		21/06/2005	
		TG5.	80		25/08/2008	
		TG6.	80		11/08/2009	
	CT Formentera.	TG1.	113	Turbina de gas (circuíto aberto).	11/08/1999	
	Gran Canaria.	C.T. Barranco Tirajana.	Grupo V.1.	213	Grupo fuel-gas.	16/12/1995
			Grupo V.2.	213		05/06/1996
			TG1.	131	Turbina gas (circuíto aberto).	16/06/1992
			TG2.	131		11/05/1995
			TG3 (CC1).	240	Ciclo combinado (TG3, TG4, TV3).	19/07/2003
TG4 (CC1).			240	21/08/2003		
TG5 (CC2).			242	Ciclo combinado (TG5, TG6, TV4).	21/08/2006	
TG6 (CC2).			242		27/11/2006	
C.T. Jinamar.		Grupo V.4.	189	Grupo fuel-gas.	01/08/1982	
		Grupo V.5.	189		05/12/1984	
		TG1.	104	Turbina de gas (circuíto aberto).	21/04/1981	
		TG2.	131		26/01/1989	
		TG3.	131		24/04/1989	

Pequena rede illada	Instalación	Grupo	Potencia térmica nominal a 6.1.2011 (MWth)	Tecnoloxía	Data de entrada en funcionamento
Tenerife.	C.T. Granadilla.	Grupo V.1.	213	Grupo fuel-gas.	08/12/1995
		Grupo V.2.	213		05/09/1995
		TG1.	131	Turbina de gas (circuíto aberto).	24/08/1990
		TG2.	144		10/12/2001
		TG3 (CC1).	240	Ciclo combinado (TG3, TG4, TV3).	21/09/2003
		TG4 (CC1).	240		09/04/2004
		TG5 (CC2).	246	Ciclo combinado (TG5, TG6, TV4).	16/08/2012
		TG6 (CC2).	246		16/08/2012
	C.T. Candelaria.	Grupo V.5/6.	269	Grupo fuel-gas.	14/03/1979
		TG1.	131	Turbina de gas (circuíto aberto).	04/11/1988
		TG2.	131		13/07/1989
		TG3.	83		19/08/1972
	C.T. Guía de Isora.	TG1.	67	Turbina de gas (circuíto aberto).	11/03/2006
		TG2.	67		11/03/2006
	C.T. Arona.	TG1.	71	Turbina de gas (circuíto aberto).	19/05/2003
TG2.		71	03/06/2003		
Lanzarote-Fuerteventura.	C.T. Punta Grande.	TG1.	97	Turbina de gas (circuíto aberto).	17/05/1988
		TG2.	131		19/08/1998
	C.T. Las Salinas TG2.	TG1.	104	Turbina de gas (circuíto aberto).	11/08/1992
		TG2.	131		15/07/200
		TG3 (gas móvil 1).	67		19/08/2004
La Palma.	C.T. Los Guinchos.	TG2 (gas móvil 2).	71	Turbina de gas (circuíto aberto).	11/12/2004